



ACTA DE REUNIÓN

NOME DO CONSELLO SECTORIAL: Recreativo e Veciñal

Nº de acta: 1/2017

Lugar da reunión: Sala de reunións da antiga Axudantía.

Data: 07/08/2017

Hora: 20:00h.

Están presentes as seguintes persoas e/ou entidades:

Óscar Benito Portela, Alcalde de Sada,

Eliseo Lesta, en representación do colectivo veciñal da Av. Posse,

Sagrario Blanco Pombo, en representación da Asociación veciñal de Meirás,

Alberto Pardo López, en representación da Asociación veciñal "O Plátano", de Mosteirón.

e actúa como **secretaria** Tamara Rubiños Varela, do equipo técnico de Deloga S.L., encargada da asistencia técnica desta reunión.

Trátase a seguinte **ORDE DO DÍA:**

1. Estado actual da proposta de Juani Tarano sobre centralización de información de asociacións.
2. Abordar propostas que contribúan a evitar a existencia de excrementos de cans nas rúas. Presentación da ordenanza de benestar animal na cal se prevé que se dea conta desta cuestión.
3. Necesidade dun local social para ser empregado principalmente por persoas maiores, na zona da Av. Posse.
4. Valoración do reparto das actividades polos diferentes locais sociais do municipio, contribuíndo á deslocalización da actividade cultural e de dinamización.
5. Valoración de alternativas que contribúan á desconxestión do tráfico na Avenida Posse.
6. Varios



1. O Alcalde dá inicio á reunión coa lectura do primeiro punto da orde do día. Sobre isto expón que a proposta de publicidade de actividades de asociacións de Juani Tarano, non sería, tal e como ela mesma explicou, totalmente gratuíta, mais sí o sería para as asociacións que desexaran anunciar as súas actividades. Expón tamén que dende o Concello se gastaron 3.300€ en publicitar a actividade de todo o verán, o cal é comprendido polas persoas presentes como unha cantidade non elevada.

Xurde durante a conversa as oportunidades que ofrece o Xornal Mariñán como medio para dar a coñecer a actividade social de Sada. As persoas presentes consideran que este medio dá pouco a coñecer a actividade levada a cabo polo movemento asociativo sadense e opinan que podería ser unha boa canle de comunicación. Proponse convocar a algunha persoa representante da Asociación de Empresarios de Sada, a cal xestiona este xornal, á próxima reunión e propoñer o emprego deste medio para dar publicidade á actividade das asociacións veciñais.

Xurde durante a conversa a petición de desbroce e mellora de infraestruturas e sinalización da Avenida Posse, o cal se recolle neste momento pero se propón tratar no punto “Varios”.

2. Sobre o punto 2, “abordar propostas que contribúan a evitar a existencia de excrementos de cans nas rúas. Presentación da ordenanza de benestar animal na cal se prevé que se de conta desta cuestión”, o Alcalde explica que finalmente non foi aprobada a ordenanza correspondente. Explica que tivo lugar unha reunión extraordinaria do Consello Ambiental no cal se tratou esta cuestión e que será levada a pleno unha vez a Xunta de Galicia aprrobe a normativa autonómica que afecta ao benestar animal e convivencia responsable.

3. Sobre a necesidade dun local social en propiedade para os veciños da Avda de Posse e das inmediacións, a modo dun local social semellante ao que se teñen nas parroquias, o Alcalde ante a posibilidade de alugar un local, explica que sempre é máis difícil xustificar unha inversión nun local privado que nun público. De aí o interese en que o local social sexa de titularidade pública. Expón que tratará de falar co Instituto Galego de Vivenda e Solo a ver se finalmente resolveron a poxa dos locais existentes na zona, que son de titularidade da Xunta de Galicia, ou si se determina participar na seguinte poxa.

4. Sobre a valoración do reparto de actividades para os diferentes locais do municipio, o Alcalde expón que, a pesar de ser vontade de todos os grupos do goberno, non se está a facer pola conformación que ten o concello, mais que debe camiñarse cara este formato de actividade cultural, e polo tanto, social.

As persoas participantes nesta reunión explican que moitas veces as actividades son un motivo para que as persoas se reúnan, sobre todo no caso das persoas maiores, sendo así actividades promotoras do envellecemento activo e que permiten que as persoas de maior idade se relacionen con outras persoas veciñas.

Sínálase a conveniencia de involucrar a máis veciños no Consello Sectorial Recreativo Veciñal, sexan estes representantes de asociacións ou non.

5. Sobre a valoración de alternativas de tráfico que contribúan á desconxestión do tráfico na Avenida de Posse, o Alcalde e o representante do colectivo veciñal desta zona acordan tratar o tema entre eles. Segundo Eliseo, na Avenida de Posse hai un grave problema de aparcamento, supoñendo situacións de risco para un tráfico seguro, fluído e sen accidentes. Mostra deste problema de aparcamento é, segundo expón o Alcalde, o elevado número de multas de estacionamento que se dan. Formúlanse diferentes



alternativas para solucionar esta cuestión, como por exemplo, pensar en habilitar algunha travesía de única dirección.

6. Para rematar, dous dos integrantes do Consello Sectorial Recreativo Veciñal indican non ter os teléfonos do resto de integrantes do Consello. A moderadora do Consello, Tamara Rubiños Varela, suxire que se revisará o grupo de Whatsapp dos integrantes do Consello Sectorial Recreativo Veciñal, e se engadirán nel a todos/as os/as integrantes que non estean engadidos/as.

Para a seguinte reunión proponse tratar os seguintes temas:

- Ampliación do parque infantil da Avenida de Posse, ou de non poder ser, procurar outras alternativas para dotar de espazos de ocio infantil aos nenos e nenas desta zona.
- Necesidade de mellora das instalacións polideportivas de Meirás.

Proponse facer a **seguinte reunión ordinaria deste Consello o 9 de novembro ás 21:00h.**

Remata esta reunión sendo as 22:30h.